

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN E O CONCELLO DE MONDOÑEDO PARA A REHABILITACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS

En Santiago de Compostela, a 29 de outubro de 2021, na sede da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

REUNIDOS

Dunha parte, D. xxxxx, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo Decreto xxxxxx, actuando en exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

Doutra, D. xxxxxx, co DNI xxxxxx, alcalde do Concello de Mondoñedo, que actúa en nome e representación do dito concello e facultado para ese outorgamento en virtude do disposto no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas partes, na representación que ostentan, teñen capacidade legal para asinar o presente convenio e na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro. A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (en adiante, a consellería), segundo o Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (DOG núm. 5, do 11.01.2021) é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de comercio interior. Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, contempla a promoción, o fomento, a modernización e o desenvolvemento do comercio, a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins e o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades.

Galicia presenta unha riqueza rural que merece ser preservada tamén dende o punto de vista comercial, garantindo unha dotación comercial suficiente. Por isto, é necesario potenciar a competitividade, a dinamización e a estrutura dos establecementos comerciais situados no ámbito rural, procurando o equilibrio da oferta comercial do territorio, a garantía do abastecemento da poboación rural, a mellora da comercialización dos produtos autóctonos e a mellora da imaxe e o equipamento dos mercados e prazas de abastos galegos, así como a creación dunha rede de mercados excelentes.

Na consecución deste obxectivo, o Plan de Mercados Excelentes de Galicia constitúe un instrumento que pretende destacar o potencial dos nosos mercados e prazas de abastos como eixos e motores do comercio de proximidade, adaptándoos ás novas tendencias do mercado. A súa finalidade fundamental é aproveitar a súa situación estratéxica e potenciar estes espazos como o mellor escaparate do produto galego de calidade, vencellándoos ao entorno no que se integran, ao produto local e a valores como a sostibilidade, a protección do medio ambiente, a calidade, o trato personalizado e o compromiso coa sociedade.

En consonancia con isto, por Orde do 4 de xaneiro de 2017 (DOG núm. 13, do 19.01.2017) regúlase o procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente na Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu outorgamento é a resposta aos retos de modernización e innovación aos que se enfrontan os nosos mercados e prazas de abastos.

Por outra parte, Mondoñedo representa na súa contorna un concello moi relevante en canto á importancia do produto agroalimentario, polo que a mellora da súa praza de abastos supón unha necesidade para preservar tanto a produción de produto como a súa comercialización.

Así mesmo, Mondoñedo é un concello polo que discorre o Camiño de Santiago. A significación histórica e cultural do Camiño de Santiago, a súa crecente vitalidade, a súa importancia como icona de Galicia e o seu papel decisivo como elemento dinamizador da vida social e económica patentiza a necesidade das administracións públicas de investir nas localidades polas cales discorren os itinerarios xacobeos, especialmente nos anos santos.

Así, a celebración do Xacobeo 2021-2022 constitúe unha oportunidade para potenciar a praza de abastos de Mondoñedo e captar o maior número de clientela posible, dinamizando as vendas e animando tanto ás/aos peregrinas/os como aos/ás veciños/as de Mondoñedo a consumir produto local e de proximidade.

Con tal finalidade, a consellería apoia e incentiva os proxectos que xeren e fomenten a eficiencia e a modernidade do comercio galego e, neste caso, por medio da iniciativa promovida polo Concello de Mondoñedo para o “Proxecto de rehabilitación da praza de abastos de Mondoñedo”.

Segundo. O Concello de Mondoñedo (en adelante, o concello) dispón do pleno dominio da praza de abastos obxecto de rehabilitación, a cal ten unha gran importancia para o municipio como espazo dedicado á prestación dun servizo público. Por isto, a proposta de actuación proxectada reverterá directamente no mantemento da vitalidade económica da zona, modernizando as súas instalacións e a funcionalidade que ven cumprindo, adaptándoa aos novos condicionantes do mercado que fagan posible a reorganización e modernización das súas instalacións e dotándoa dos equipamentos e servizos necesarios para o exercicio da actividade comercial.

Terceiro. Con carácter previo á sinatura deste convenio, o concello acredita a concorrencia ou non doutras axudas públicas para a mesma finalidade de conformidade co establecido no artigo 11d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante, Lei 9/2007). Así mesmo, constan certificacións de que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de que non ten débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia de acordo co establecido nos artigos 11e) e 31.7 da devandita lei.

Cuarto. A confluencia de obxectivos das partes aconsella a coordinación das súas actuacións e o establecemento dunha liña de colaboración entre a consellería e o concello para posibilitar a execución das actuacións previstas no “Proxecto de rehabilitación da praza de abastos de Mondoñedo” co máximo rendemento dos recursos empregados e, en consecuencia, as entidades acordan formalizar este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- *Obxecto*

O obxecto deste convenio é a realización e financiamento do “Proxecto de rehabilitación da praza de abastos de Mondoñedo” cun orzamento máximo de 30.039,09 €, IVE incluído.

Segunda.- *Orzamento e financiamento*

A consellería comprométese a financiar o mencionado proxecto con cargo á aplicación orzamentaria 06.03.751A.761.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, 2015/00275 “Espazos comerciais: Mercados Excelentes e mellora da imaxe das feiras tradicionais” modalidade de financiamento 1010, achegando unha contía de 30.039,09 €, IVE incluído, que representa o 100 % do investimento.

Calquera contracción do gasto que se orixine como consecuencia deste convenio deberá contar coa fiscalización previa da Administración autonómica e queda, polo tanto, sometida á existencia de crédito orzamentario nos seus orzamentos.

Unha vez efectuada a licitación das obras, a baixa de adxudicación, no caso de producirse, será repercutida proporcionalmente na achega da consellería.

Terceira.- *Gastos subvencionables*

De acordo co previsto no artigo 29.1 da Lei 9/2007, consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e se

realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e a data límite de xustificación establecida na cláusula correspondente. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables na data límite de xustificación do proxecto.

Ao amparo do presente convenio, consideraranse actuacións subvencionables os investimentos e os gastos necesarios para a realización das accións recollidas no anexo do convenio.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables cumprirase o estipulado nos apartados 4 e 5 do artigo 29 da Lei 9/2007.

Para os efectos do establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, permitirase a subcontratación do 100% das actividades subvencionadas.

Calquera incremento que se derive da execución do contrato de obra, da liquidación ou doutro concepto deberá ser financiado integramente polo concello.

Cuarta.- *Obrigas do Concello de Mondoñedo*

O concello, para poder obter a condición de beneficiario no presente convenio, deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Acreditar a dispoñibilidade do inmovible e vías nas que está previsto realizar o investimento.
- Presentar declaración responsable de non estar incurso nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007.
- Xustificar que se atopa ao día na rendición de contas xerais diante do Consello de Contas de Galicia de acordo co establecido no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvenciones ás entidades locais galegas.

O concello quedará, en todo caso, suxeito ao cumprimento das obrigas impostas polo artigo 11 da Lei 9/2007, así como ás demais que resulten concordantes á vista do réxime xurídico aplicable ás subvencións públicas e, en especial, ás seguintes:



- Xestionar e executar o investimento sinalado na cláusula primeira que fundamenta a concesión da subvención, con suxeición aos procedementos de contratación previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Xustificar no tempo e forma que correspondan, diante da consellería, o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención, así como a realización das actividades e o cumprimento da finalidade das mesmas.
- Someterse ás actuacións de comprobación da consellería, así como a calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En particular, facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.
- Adoptar as medidas e disposicións necesarias para garantir unha adecuada publicidade no lugar das actuacións subvencionadas durante o prazo de execución, debendo constar que están subvencionadas pola consellería.
- Reintegrar, total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Dar consentimento expreso para a inclusión dos datos relevantes do convenio nos rexistros públicos de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
- Comunicar por escrito á consellería a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto se coñeza a dita obtención e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos en virtude do presente convenio.
- Comunicar á consellería o xurdimento ou a modificación de calquera circunstancia que afecte a algún dos requisitos esixidos para a concesión da subvención.



- Manter a propiedade sobre os investimentos subvencionados e a vinculación destes á actividade que motivou a subvención durante un período mínimo de cinco anos.

Quinta.- *Xustificación e pagamento*

Respecto da xustificación e pagamento, no que atinxe á consellería teranse en conta as seguintes especificacións:

- A data límite para xustificar o investimento será o día 15 de decembro de 2021.
- O concello estará obrigado a xustificar diante da consellería, con carácter previo ao pagamento da subvención, o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona nos parágrafos seguintes e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

A conta xustificativa conterà:

- Certificación expedida pola Secretaría do concello, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada o cumprimento da finalidade da subvención e os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Sen prexuízo do previsto na letra c) do artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- A relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- O expediente de contratación tramitado polo concello respecto do investimento obxecto de subvención.

As condicións de pagamento son as seguintes:

- As facturas e/ou demais documentos xustificativos, incluídos os xustificantes de pago, non poden ter data posterior á establecida para a xustificación das actuacións.
- A documentación sinalada nas condicións específicas presentarase na Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación -Dirección Xeral de Comercio e Consumo-, que emitirá a certificación acreditativa do cumprimento das actuacións subvencionadas.
- A achega da consellería minorarase porcentualmente no caso de que o concello non xustifique o orzamento que figura na cláusula segunda sempre que estea garantida a consecución do obxecto ou, de resultar a concorrència con outras axudas, sempre que a contía total supere o custo do investimento.
- O pagamento correspondente á consellería realizarase ao concello unha vez presentada a correspondente xustificación e aprobada polos órganos competentes da Xunta de Galicia.
- A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste convenio.

Poderá aprobarse o pago anticipado ata un límite do 40 % do importe concedido, logo da solicitude e xustificación da súa necesidade polo beneficiario. A concesión do anticipo quedará condicionada ao cumprimento, por parte do beneficiario, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007.

O beneficiario quedará exento da prestación de garantías en relación co pago anticipado previsto neste convenio de conformidade co disposto no artigo 65.4 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexta.- Responsabilidade na contratación das actuacións

O concello poderá subcontratar parcial ou totalmente as actuacións recollidas neste convenio e no seu anexo, agás que o impida a natureza da mesma. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da obra, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

O concello poderá concertar con terceiros a execución parcial ou total das actuacións recollidas neste convenio e no seu anexo. Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración autonómica.

A contratación das obras ou equipamentos será realizada polo concello conforme á normativa vixente en materia de contratación do sector público, sendo as entidades locais contratantes as responsables directas das consecuencias que dos incumprimentos se puidesen derivar.

Tendo en conta que as actuacións obxecto deste convenio poden implicar que o concello leve a cabo diversas contratacións externas, admitirase unha contratación separada sempre que os obxectos dos contratos admitan fraccionamento ao ser susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unhas unidades funcionais independentes ou así o esixa a natureza do obxecto.

Sétima.- *Compatibilidade das axudas*

A axuda concedida será compatible con outras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o custo elixible. Neste caso minorarase a subvención da consellería.

Oitava.- *Publicidade*

O concello presta o seu consentimento á consellería para que, de conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e coa disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as axudas concedidas nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade na forma que determine o órgano competente.

Así mesmo, o concello presta o seu consentimento para que os datos que consten no convenio e os referidos á subvención recibida sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

De acordo co artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a cesión de datos de carácter persoal que deba efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado non requirirá o consentimento do afectado.

Novena.- *Modificación do proxecto*

O concello poderá solicitar a modificación das características do proxecto subvencionado e, no seu caso, coa correspondente modificación do contrato de obras nos termos establecidos pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cun mes de antelación á data de remate do prazo de realización da actividade de conformidade co artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

A modificación non poderá supoñer, en ningún caso, un incremento do importe global establecido neste convenio e deberá ser proposta pola comisión de seguimento e autorizada pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

A modificación poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros, respecte o obxecto da subvención, evite actuacións deficientes e incompletas e se realice no prazo fixado neste convenio.

Para a modificación non poderán terse en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se asinou o convenio, tiveron lugar con posterioridade á súa sinatura.

Décima.- *Vixencia*

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o día 31 de decembro de 2021, sen que se prevea a posibilidade de prórroga do mesmo.

Décimo primeira.- *Comisión de seguimento*

Constituirase unha comisión de seguimento que adoptará os seus acordos por consenso e que estará integrada por dous representantes do concello e dous representantes da consellería. Constituirase a petición de calquera das partes.

As funcións desta comisión son velar polo cumprimento do convenio e propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

Décimo segunda.- *Modificación e resolución do convenio*

Toda alteración das condicións a ter en conta para a concesión da axuda poderá dar lugar á modificación do convenio nos termos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As devanditas modificacións deberán formalizarse a través da correspondente addenda e someterse aos requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

En todo caso, a obtención concorrente doutras axudas públicas para a mesma finalidade poderá dar lugar á minoración da subvención establecida na cláusula segunda deste convenio.

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. A dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

As causas de resolución do presente convenio son as seguintes:

- O acordo expreso e escrito das partes.
- O incumprimento por algunha das partes de calquera das prescricións contidas neste convenio, o que se comunicará por quen a invoque, de xeito fehaciente, previa audiencia delas.
- A denuncia escrita formulada por calquera das partes.

Décimo terceira.- *Incumprimento total e parcial do convenio*

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falla de xustificación do cumprimento do convenio, das obrigas contidas nestas cláusulas, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007 ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior é o establecido no Título II da Lei 9/2007.

Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida no convenio e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 50%

do investimento subvencionable, entenderase que o dito incumprimento é total e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada neste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei 9/2007 e no Título VI do seu Regulamento.

Décimo cuarta.- *Relacións con terceiros*

A subscrición do presente convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades referidas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que esta quedará exenta de calquera responsabilidade -directa, indirecta ou subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento das mesmas.

Décimo quinta.- *Información*

A efectos informativos e de coñecemento público, durante o tempo de duración das obras instalárase en lugar ben visible desde a vía pública un cartel publicitario de dimensións suficientes no que constarán as características da obra e o grao de financiamento da mesma polas administracións asinantes deste convenio e os seus respectivos logotipos.

De igual xeito, as partes comprométense a reflectir en calquera difusión pública que se realice das obras a participación das administracións públicas que interviñeron nela, incluso no caso de que a dita difusión se leve a efecto con posterioridade á finalización dos traballos, debendo remitirse copias ao outro asinante.

A colaboración financeira das administracións asinantes deste convenio deberá quedar expresamente reseñada, de forma permanente, nun lugar visible do acceso á actuación no momento da súa inauguración e/ou recepción.

Décimo sexta.- *Natureza e interpretación*

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, se ben se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Este convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e, ademais, pola Lei 9/2007; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se

aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable ou, no seu defecto, as derivadas do dereito privado.

En consecuencia, correspóndenlle á consellería as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución, reintegro e nulidade deste convenio, así como a resolución das dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento. Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executados, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo sétima.- *Protección de datos*

Na execución do presente convenio respectarase a normativa vixente en materia de protección de datos.

As partes comprométense a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Así mesmo, as partes comprométense a adoptar as medidas de carácter técnico e organizativo precisas que garanten a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda de tratamento e acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos aos que están expostos, proveñan da acción humana ou do medio físico ou natural.

Décimo oitava.- *Remisión normativa*

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao disposto na seguinte normativa, sen prexuízo do establecido nas restantes normas de dereito administrativo ou privado que resulten de aplicación:

- O Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30.04.1991).
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15.02.2016).
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25.06.2007).
- O Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29.01.2009).

- O Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 03.08.2006).

- O Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 20.10.2011).

Así mesmo, observaranse as demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións. E, como proba de conformidade, subscríbese por duplicado o exemplar no lugar e data indicados na cabeceira.

O VICEPRESIDENTE
SEGUNDO E CONSELLEIRO
DE ECONOMÍA, EMPRESA E
INNOVACIÓN

O ALCALDE DO CONCELLO
DE MONDOÑEDO

ANEXO
Proxecto de rehabilitación da praza de abastos de Mondoñedo

Unidades	Cantidade	Conceptos	Prezo Unitario	Prezo total
CAPÍTULO 1 MELLORAS DE ACCESIBILIDADE				
UD	1,00	INSTALACIÓN DE PLATAFORMA HIDRÁULICA, MONTACARGAS 1 PISTÓN. Instalación de plataforma elevadora para carga útil de 400kg, de ate 3 m de recorrido, dobre embarque a 180º, ancho de piso 1155mm, fondo de piso 1520mm, ancho de paso libre de portas 1100mm, velocidade 0,1 m/s. Portas batentes dúas follas de imprimación (homologación paramallas E120), tracción con cables, incluído desmontaxe da plataforma actual, así como o movemento e tratamento de materiais totalmente instalada.	9.612,00	9.612,00
UD	1,00	TRABALLOS DE ALBANELARIA PRECISOS PARA INSTALAR O MONTACARGAS. Traballos de albanería precisos para o cerramento oco e picado do foso para acadar o mínimo de 250mm de profundidade.	950,00	950,00
UD	1,00	INSTALACIÓN DE PASAMÁNS DE FERRO NAS ESCALEIRAS Traballos precisos para instalar un pasamans de ferro nas escaleiras que comunican o centro comercial "Peña de Francia" coa zona de estacionamento incluíndo imprimación e pintura de acabado gris forxa.	885,00	885,00
TOTAL CAPÍTULO 1 MELLORAS DE ACCESIBILIDADE				11.447,00
CAPÍTULO 2 SINALIZACIÓN				
UD	1,00	RETIRADA E INSTALACIÓN DE TÓTEM/DIRECTORIO FRENTE MERCADO. Retirada de tótem existente, fabricación de tótem directorio con estrutura interna de aceiro galvanizado e estrutura exterior con traseira de aluminio e frontal en lamas de composite co nome de cada un dos establecementos en vinilo de corte, incluída man de obra de instalación sobre soleira existente.	2.225,00	2.225,00
TOTAL CAPÍTULO 2 SINALIZACIÓN				2.225,00
CAPÍTULO 3 INSTALACIÓNS				
PA	1,00	ACTUACIÓNS NA INSTALACIÓN DE ELECTRICIDADE/ALUMEADO. Reparación eléctrica, alumeado e recepción terrestre e satélite, revisión da instalación de iluminación na súa totalidade, instalación de 120 tubos LED T5 37W e instalación de centralita de recepción de TV. Revisión das portas eléctricas da zona de pescaderías e a eléctrica da porta principal.	4.235,25	4.235,25
UD	1,00	INSTALACIÓN DE EQUIPO DE SON (SUBSTITUCIÓN POR AVERÍA) Resintonizador con entrada de radio de CD e USB.	101,00	101,00
UD	1,00	INSTALACIÓN DE EQUIPO DE SON AMPLIFICADOR CON LIÑA A 100V PARA ALTAVOCES EXISTENTES	71,50	71,50
UD	1,00	REVISIÓN DE ALTAVOCES E INSTALACIÓN DE NOVO EQUIPO	54,65	54,65
TOTAL CAPÍTULO 3 INSTALACIÓNS				4.462,40
CAPÍTULO 4 OBRAS DE MANTEMENTO				
UD	1,00	RENOVACIÓN DE ALFOMBRAS DE GOMA ANTIDESLIZANTES Renovación total das alfombras de goma instaladas no interior do mercado de abastos, totalmente instaladas.	600,00	600,00
UD	1,00	REPARACIÓN DE GOTEIRA NA CUBERTA DO INMOBLE. Reparación de filtración de humidade na cuberta do edificio, canalón e cambio de lousas rotas, incluída reparación do falso teito do corredor interior do edificio.	850,00	850,00
UD	1,00	REPARACIÓNS PUNTUAIS NAS PORTAS EXTERIORES Revisión de enganches e renovación de bisagras.	181,50	181,50
UD	1,00	RENOVACIÓN DE PINTURA DO CHAN NAS PESCADERÍAS	785,00	785,00
UD	2,00	INSTALACIÓN DE BANCOS	65,95	131,90
TOTAL CAPÍTULO 4 OBRAS DE MANTEMENTO				2.548,40
CAPÍTULO 5 XESTIÓN DE RESIDUOS NA OBRA				
PA	1,00	UD DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA. Conxunto de medidas para a correcta xestión de residuos da obra.	85,00	85,00
TOTAL CAPÍTULO 5 DE XESTIÓN DE RESIDUOS				85,00
CAPÍTULO 6 SEGURIDADE E SAÚDE NA OBRA				
PA	1,00	UD SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA. Conxunto de medidas para a correcta adopción de medidas de seguridade e saúde na obra.	94,13	94,13
TOTAL CAPITULO 6 DE SEGURIDADE E SAUDE				94,13

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL **20.861,93**

GASTOS XERAIS (13%) **2.712,05**

BENEFICIO INDUSTRIAL (6%) **1.251,72**

SUMA PEM+G.X.+B.I.: **24.825,70**

IVE (21%) **5.213,39**

TOTAL ORZAMENTO CONTRATA **30.039,09**